

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024987	IES de Soutomaíor	Soutomaíor	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a materia de Oratoria do 3º curso da ESO.

Para a súa elaboración tiveronse en conta as directrices normativas recollidas a continuación:

- A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- O Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- A Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Do mesmo xeito, é de aplicación para o deseño desta programación a normativa para a Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia vixente neste curso 2023/24.

Contexto do centro

O IES de Soutomaior está situado na localidade de Arcade, concello pontevedrés de Soutomaior. Arcade constitúe o núcleo urbano do concello e ocupa a fronte costeira da vila. Nela atopamos os principais servizos económicos (zonas comerciais, porto pesqueiro, etc.), sociais (dispón de numerosas asociacións musicais, artísticas, grupo de teatro, etc.), culturais e de ocio (biblioteca, edificio de charlas e exposicións, porto deportivo, áreas recreativas, praias, punto de paso de peregrinos, etc.), polo que actúa como referente para as aldeas limítrofes. Soutomaior, que cuadriplica en extensión o territorio de Arcade, en cambio, caracterízase por ser núcleo principalmente rural e de maior dispersión da poboación.

O IES de Soutomaior é un centro de recente creación (inaugurado no curso 2018-2019) con alumnado procede na súa maior parte do antigo CPI Manuel Padín Truiteiro, agora reconvertido en CEIP, así como do CEIP de Pontesampaio (Pontevedra). No curso 2023/24 o centro conta con 3 grupos de 3º da ESO. A distribución dos grupos é a seguinte:

- 3ºA: 28 alumnos e alumnas. Deste grupo de referencia, escolleron a materia de Oratoria un total de 13 alumnos/as, entre os cales encontramos alumnado NEAE (TDAH, dificultades de aprendizaxe...) ou alumnado repetidor. Nestes últimos casos aplicaranse os protocolos e calquera outra medida que se considere necesaria no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- 3ºB: 28 alumnos e alumnas. Deste grupo, escolleron Oratoria 8 alumnos/as, entre os cales hai alumnado repetidor e alumnado NEAE (dislexia...), polo que se aplicarán e serán tidos en conta os protocolos.
- 3ºC: 26 alumnos e alumnas. 7 alumnos deste grupo escolleron Oratoria e, entre eles, hai casos de alumnado NEAE (TEA, dificultades de aprendizaxe, discapacidade motriz...) polo que tamén se terán en conta os protocolos e calquera outra medida que beneficie ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

Tanto as características e contorna do centro como as características do alumnado se tiveron en conta á hora de crear os principios metodolóxicos.

As instalacións do centro serán útiles para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, dispoñendo de, por exemplo, ordenadores E-Dixgal para o uso de ferramentas dixitais. As aulas tamén contan con encerados dixitais para apoiar o traballo diario na aula.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que ben fala!	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción á Oratoria.</li> <li>- Partes da Oratoria.</li> <li>- A intención comunicativa.</li> <li>- Xestión das emocións á hora de falar en público.</li> <li>- A posta en escena. A dicción.</li> <li>- Técnicas de memorización do discurso.</li> </ul>	33	35	X		
2	Argumentamos, expoñemos!	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Historia da Oratoria.</li> <li>- O desenvolvemento da inventio. Tipos de fontes, criterios de selección e investigación.</li> <li>- O desenvolvemento da dispositio.</li> <li>- Tipos de argumentos e falacias lóxicas.</li> <li>- As propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> </ul>	33	35		X	
3	O gran día.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de discurso persuasivo</li> <li>- Estratexias para persuadir, convencer e captar a atención do público.</li> <li>- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.</li> <li>- Desenvolvemento da elocutio.</li> <li>- O debate académico. Os roles no debate. Partes do debate</li> </ul>	34	35			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que ben fala!	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Deberase coñecer como xurdiu a Oratoria para dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo.	PE	20
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	O alumnado deberá coñecer as partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.	TI	80
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	As alumnas e os alumnos deberán, como mínimo, facer uso do guión e das TIC como elemento de apoio (non protagonista).		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	O alumnado será quen de interiorizar un discurso de dous minutos sobre a súa proposta para un desenvolvemento sostible adaptándose ao tempo de exposición.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresare con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.</li> <li>- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Corrección lingüística.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.</li> <li>- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.</li> <li>- Interiorización do discurso.</li> <li>- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.</li> <li>- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).</li> <li>- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).</li> <li>- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</li> <li>- Quínésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.</li> <li>- Proxémica: espazo escénico.</li> <li>- Naturalidade fronte a artificiosidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Argumentamos, expoñemos!	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Deberase coñecer como xurdiu a Oratoria para dotar as persoas dunha ferramenta eficaz para desenvolver as súas capacidades e confrontar ideas de xeito construtivo.	PE	20
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Como mínimo, o alumno ou a alumna será quen de aportar un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	O alumnado debe ser capaz de distinguir os contidos lóxicos dos emocionais (anécdotas, imaxes...)		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	O alumnado diferenciará as fontes primarias das secundarias e manexará con pericia as fontes orais, escritas, audiovisuais, gráficas e, nomeadamente, Internet.	TI	80
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	O alumnado aplicará correctamente os criterios de selección das fontes documentais.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Como mínimo, o alumnado deberá escoller adecuadamente os contidos lóxicos pertinentes (datos, citas...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	As alumnas e os alumnos utilizará argumentos de autoridade, ad populum, analoxías, exemplificacións e datos obxectivos que avalen as súas opinións.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresare con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Os alumnos e as alumnas deberán pronunciar correctamente, cun volume audible, a un ritmo pausado, manexando as pausas e os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Como mínimo, o alumnado coidará a expresión facial e evitará os tics.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.</li> <li>- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.</li> <li>- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.</li> <li>- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> </ul>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.</li> <li>- Coherencia e cohesión.</li> <li>- Corrección lingüística.</li> <li>- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.</li> <li>- Interiorización do discurso.</li> <li>- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.</li> <li>- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.</li> <li>- Proxémica: espazo escénico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O gran día.	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	O alumnado deberá coñecer as principais técnicas persuasivas que relacionan a Oratoria con outras disciplinas, como son a Retórica e a Dialéctica.	PE	20
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Nos textos dos medios de comunicación e do ámbito académico, o alumnado identificará a intención persuasiva, recoñecerá a tese e diferenciará, como mínimo, os argumentos obxectivos dos emocionais.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	O alumnado será capaz de valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas.	TI	80
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	O alumnado diferenciará entre informacións e opinións, ao tempo que será respectuoso coa protección de datos de carácter persoal e coa propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	O alumnado deberá adaptar o seu discurso ao receptor, á canle, á temática e ao contexto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	No discurso, diferenciaranse con claridade a introdución, o desenvolvemento e a conclusión.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	As alumnas e os alumnos utilizarán premisas, teses e siloxismos para defender que cambios precisa o proceso de ensino-aprendizaxe.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	O alumnado elaborará un discurso claro, breve e eficaz no que faga uso dos procedementos retóricos propios deste tipo de textos. Os erros lingüísticos non poderán comprometer a comprensión da mensaxe.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Como mínimo, o alumnado utilizará con soltura os correctores lingüísticos e os dicionarios para revisar os textos.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	O alumnado expresare con naturalidade, empatía e asertividade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	O alumnado transmitirá confianza e controlará, na medida do posible, o nerviosismo cando fale en público.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	O alumnado utilizará a ferramenta Genially (ou outra similar da súa preferencia) para crear unha presentación que apoie a súa proposta para promover o desenvolvementos sostible.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	O alumnado practicará mediante o debate a escoita activa: entender, refutar e persuadir, respectando sempre as normas de interacción e a cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.</li> <li>- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación</li> <li>- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.</li> <li>- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.</li> <li>- Adecuación do discurso ao contexto.</li> <li>- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.</li> <li>- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.</li> <li>- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.</li> <li>- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.</li> </ul>

## Contidos

- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.
- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa en Oratoria debe desenvolver de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que faciliten ao alumnado a consecución dos obxectivos da materia, así como unha axeitada adquisición das competencias clave. Este enfoque metodolóxico require partir, polo tanto, do nivel competencial previo do alumnado para acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos e das estudantes. Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía activa, baseada fundamentalmente na dimensión investigadora do alumnado e na toma de decisións responsables, asentadas no pensamento crítico e reflexivo, a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos, así como do razoamento e resolución lóxica de problemas. De aí a importancia de empregar métodos diferenciados para dar acollida e resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmo. Atenderase, polo tanto, á diversidade a través de propostas individualizadas en función das necesidades detectadas: dinámicas de reforzo educativo dentro e fóra da aula ordinaria, actividades específicas para abordar as destrezas nas que se observen maiores dificultades (expresión oral e escrita, comunicación, resolución de problemas, razoamento lóxico...).

Para que esta metodoloxía acade a efectividade desexada, é imprescindible outorgarlle un carácter interdisciplinar, relacionando a materia de Oratoria con outras disciplinas do currículo, traballando de maneira conxunta as competencias clave e dotando o alumnado da capacidade lingüística que lle permita amosar, relacionar e extrapolar de forma coherente, cohesionada e adecuada os coñecementos adquiridos noutras materias. Todos eles, de xeito coordinado, deberán contribuir a mellorar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. As accións concretas favorecen a creación e organización de proxectos colaborativos e significativos para o alumnado. Neste sentido, o deseño de tarefas cooperativas basearase en contextos auténticos e recoñecibles que teñan en conta as vivencias particulares do alumnado, potenciando que cada estudante, dentro do grupo, dispoña dos tempos e espazos necesarios para o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade para contribuir a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Polo tanto, plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas:

1) Deseño de actividades a partir de textos extraídos do ámbito persoal, social e académico do alumnado. Estas tarefas, diversificadas e organizadas por niveis de dificultade, permitirán o traballo competencial e favorecerán o desenvolvemento do pensamento crítico e creativo.

2) Distribución flexible dos espazos, sempre que sexa posible, propiciando o traballo colaborativo a través de distintos tipos de agrupamentos. Así, o gran grupo é axeitado para a posta en común e corrección de tarefas, a identificación dos coñecementos previos do alumnado á hora de iniciar unha nova unidade didáctica, a revisión e síntese final, os debates, a realización de exposicións orais ou multimedia ou o visionado de recursos audiovisuais. Os pequenos grupos son idóneos para o desenvolvemento de proxectos de investigación. Pola súa parte, o traballo por parellas enriquece as exposicións orais e as actividades de creación propia. Finalmente, as actividades individuais son aplicables ás probas escritas, ás actividades de reforzo ou á lectura interior.

3) Utilización de recursos para mellorar a oralidade a través de actividades contextualizadas en situacións reais e próximas ao alumnado, mediante o emprego de audios, vídeos e recreación de conversas veraces que poidan producirse na contorna do alumnado. Proporase, así, unha ampla variedade de situacións comunicativas espontáneas e planificadas e de contextos formais e informais, co fin de abordar desde un punto de vista eminentemente práctico os distintos rexistros, elementos e principios da comunicación.

4) Creación de textos escritos pertencentes aos ámbitos persoal, social e académico, seguindo as distintas fases da construción textual: a planificación das ideas a través dun borrador, determinando o propósito comunicativo e o destinatario; a redacción; a revisión e a edición final, incidindo na corrección formal (puntuación, ortografía, estruturas gramaticais, ampliación de vocabulario e presentación).

5) Creación de textos con intención persuasiva a partir de modelos dados ou de discursos non literarios (reportaxes, crónicas, columnas, artigos de opinión...).

6) Emprego de dicionarios impresos e dixitais, propiciando o seu uso como unha forma de ampliar o caudal léxico do alumnado e resolver as súas dúbidas lingüísticas.

7) Manexo dos recursos propios das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura de datos, a realización de traballos multimedia, a consulta da prensa dixital e a creación de espazos virtuais con material didáctico integrado.

8) Utilización dos fondos, servizos e recursos da Biblioteca escolar como espazo creativo de aprendizaxe e construción de novos coñecementos a través da consulta de libros, dicionarios, xornais, materiais audiovisuais, potenciando tamén a lectura autónoma, fundamentada no enriquecemento cultural e a interrelación entre as distintas áreas do saber.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Escolma de textos variados orais, escritos e multimodais en diversos formatos e soportes.
Actividades interactivas, animacións, vídeos e espazos dixitais para a construción de novas aprendizaxes.
Recursos e aplicacións informáticas e multimedia.
Materiais de investigación e consulta.
Emprego do debate como ferramenta que estimula o seu interese e a súa capacidade para reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, respectar opinións e extraer conclusións.

A selección dos materiais que integran a programación didáctica da materia de Oratoria debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación ao contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais e grupais que ponzan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, a proposta metodolóxica para a materia de Oratoria supoñen o emprego dunha grande variedade de textos orais, escritos e multimodais procedentes de diversas tipoloxías e situacións comunicativas para a súa análise crítica. O achegamento do alumnado á realidade na que vive a través da interpretación textual outorga á materia unha dimensión funcional innegable. Por iso, conveñen traballar tamén con discursos extraídos dos xeñeros xornalísticos, que aproximen aos estudantes á comprensión de temas de actualidade e lles permitan ser

críticos co contexto que os rodea.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatiza e o debate a través de tarefas competenciais próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diferente tipoloxía, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O visionado de material audiovisual sentará as bases do coloquio posterior e servirá para afondar nos contidos abordados en cada unidade, ademais de propiciar o traballo investigador, grupal e por proxectos proposto nalguna das unidades didácticas da materia.

O emprego das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

En definitiva, os contidos da materia integraranse na aula a través de tres unidades didácticas que favorecerán a transversalidade e interdisciplinidade por medio da planificación, análise e emprego de estratexias baseadas na resolución de problemas tales como os principios de dedución e indución ou a comprobación da viabilidade da solución proposta á situación descrita. Será necesario tamén o desenvolvemento de actitudes como o rigor, a perseverancia, a cooperación e a responsabilidade entre os distintos membros dos grupos de traballo para provocar o rexeitamento de estereotipos, xerar debate, construír un pensamento crítico sólido, definido e individual e motivar os cambios necesarios para o promover o avance social.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase nas primeiras semanas do curso académico. O seu obxectivo é facilitar información sobre diversos aspectos do alumnado: o seu coñecemento sobre as destrezas propias da materia, a súa facilidade ou dificultade para falar en público ou a súa capacidade de argumentación e persuasión. Ademais, servirá para detectar posibles dificultades de aprendizaxe ou con capacidades superiores á media do grupo. Dita información servirá ao profesor para programar as adaptacións necesarias, así como as actividades de reforzo ou ampliación, de seren necesarias.

O método para obter esta información será a observación do alumnado na aula así como a consecución dalgúns actividades: presentacións, pequenos debates informais, realizacións de fichas sobre os seus intereses ou búsqueda de información na rede.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>34</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	20	20	20	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	80	80	80	<b>80</b>

### Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha final. Tal e como recolle a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a sesión de avaliación final deberá realizarse a partir do 22 de xuño de 2023.

Avaliacións parciais ordinarias

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación propostas en cada trimestre e tras a aplicación da ponderación de nota correspondente entre elas.

As porcentaxes da cualificación trimestral quedan da seguinte maneira:

- Proba escrita: 20%

- Táboa de indicadores para exposicións orais: 50% (realizaranse dúas exposicións orais ao longo de cada trimestre e cada unha suporá o 25% da nota).

- Táboa de indicadores para a resolución de actividades de clase e traballo diario: 30 %

Sumados os apartados anteriores redondearase a puntuación resultante: de 0,10 a 0,49 ata o número natural inferior, e de 0,50 a 0,90 ata o superior, para obter a nota do trimestre, por ex.: 5,40 = 5 (SUF.) ou 7,60 = 8 (NOT.).

Avaliación final

Para o cálculo da cualificación final, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. Por exemplo:  $(6,3 + 8,6 + 7,9) / 3 = 7,6 > 8$  (NOT.)

Para superar a materia o alumnado debe ter unha media aritmética dos tres trimestres igual ou superior a 5 puntos. A nota final redondearase a partir de 0,5 puntos.

No caso de que a media aritmética dos tres trimestres non sexa igual ou superior a 5, o alumnado deberá presentarse a un exame final de todo o curso para recuperar a materia. Esta proba terá lugar antes da avaliación final. Dito exame, que constará de dúas partes, suporá o 100% da nota (véxase Criterios de recuperación).

Outros aspectos

O departamento puntualiza que non ter a exposición lista para o día previsto implicará un aviso ao alumnado e/ou familia, dándolle a oportunidade de realizala ao día seguinte. Non será posible facer a proba máis tarde: a cualificación en devandita proba nese caso será de 0.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que suspenda algunha das avaliacións trimestrais, terá a posibilidade de recuperar cada unha das avaliacións ao inicio do seguinte trimestre e, no caso de recuperar o 3 trimestre, antes da avaliación final. Para a recuperación de cada avaliación trimestral o alumnado deberá presentarse a:

- Táboa de indicadores para exposición oral: 50% da cualificación trimestral . Se o alumnado supera esta parte non ten a obriga de presentarse á parte escrita.

- Proba escrita: suporá o 50% da media trimestral.

O alumnado que suspenda na avaliación final poderá recuperar a materia se aproba (cunha cualificación igual ou maior a 5,00 puntos) unha proba de recuperación final que consistirá nun exame composto de dúas partes:

- Proba escrita: exame escrito de todos os contidos conceptuais traballados ao longo do curso (50% da cualificación).

- Táboa de indicadores para exposición oral: realización dunha exposición oral de 5 minutos (50% da cualificación).

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que un alumno/a teña a materia de Oratoria pendente, seguirase o seguinte procedemento e porcentaxes:

- Táboa de indicadores para exposición oral: que será realizada polo alumnado na data fixada polo docente. Supón o 50% da nota.

- Proba escrita: o alumnado poderá presentarse a un exame onde se avaliarán os contidos traballos no curso anterior en cada trimestre. Este exame supón o restante 50% da nota. Con todo, se o alumnado demostra ter adquirido os coñecementos mínimos a través da exposición oral non é obrigatorio que se presente a dito exame.

Ademais, para o alumnado que non conseguise recuperar a materia durante o curso atendendo a ditos criterios, establecerase unha recuperación global antes de finalizar o mes de xuño. Dita recuperación consistirá nunha proba escrita valorada sobre 10 puntos, que contará o 100% da cualificación final da materia pendente.

O/a alumno/a e a familia ou representantes legais serán informados a inicio de curso do procedemento a seguir para recuperar a materia pendente. Do mesmo modo, a inicio de cada trimestre entregaráselle ao alumnado o boletín de exercicios e que deberán ser entregado na data fixada polo docente.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Ora, no caso

do alumnado de Oratoria non se considera necesario, unha vez realizada a avaliación inicial, realizar ningunha adaptación curricular.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) non se considera necesario establecer, polo momento, ningunha medida de reforzo para favorecer a súa aprendizaxe. Ora ben, si que terán en conta e aplicaranse aqueles recomendacións e pautas establecidas nos protocolos a aplicar (TDAH, dislexia, dificultades de aprendizaxe...). Entre estas destacan o reforzo positivo, a adecuación do formato de probas e tarefas, a fragmentación de actividades, a supervisión e acompañamento individual...

O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio en aula e codocencia, e a PT colaborará co profesorado en diferentes materias, priorizando a súa labor nas materias instrumentais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Fomentar a igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X
ET.2 - Prevención da violencia de xénero o contra personas con discapacidade.	X	X	X
ET.3 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.		X	X
ET.4 - Evitar comportamentos e contidos sexistas e estereotipados.	X	X	X
ET.5 - Riscos derivados do uso das TIC.			X

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Parlamento Xove	Participarase nesta competición na que os diversos equipos inscritos investigarán e debaterán sobre un tema formulado pola organización.			X

#### Observacións:

Ao inicio de curso, presentaranse propostas a Vicedirección respecto das actividades complementarias e extraescolares. En calquera caso, estas estarán relacionadas coas actividades propias do Departamento e non exclusivamente desta materia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.

Ao comezo do desenvolvemento de cada unidade, proporciónase ao alumnado un cadro sinóptico ou mapa conceptual do tema para orientalo sobre a evolución do seu proceso de ensino-aprendizaxe.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
A planificación e distribución do tempo asignado a cada tarefa son axeitadas.
Aplicouse a metodoloxía didáctica establecida na programación.
Aplicáronse estratexias de aprendizaxe como a lectura comprensiva, a procura de información significativa, a planificación do traballo, o desenvolvemento de técnicas de síntese, análise e redacción...
Explicáronse e corrixíronse na aula as actividades levadas a cabo nas distintas unidades didácticas.
Desenvolvéronse actividades e estratexias potenciadoras da oralidade, co fin de que o alumnado adquirise os recursos necesarios para expresarse correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).
Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación (probos, traballos individuais e en grupo, exposicións orais, redaccións, proxectos de investigación...)
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...).
Empregáronse os materiais e recursos didácticos programados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Desenvolvéronse as medidas de atención á diversidade necesarias aos alumnos e alumnas que así o requiren.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Deséñanse e aplícanse actividades de ampliación e afondamento para o alumnado que acade de maneira significativa os obxectivos propostos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
Fomentouse un clima de traballo baseado no diálogo, na resolución pacífica dos problemas e no respecto.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Favorecéronse as actividades interdisciplinares e o traballo cooperativos con outros departamentos.
Mantívose contacto durante o curso coas familias e/ou titores legais.
<b>Outros</b>
Realízanse as actividades complementarias programadas.

**Descrición:**



A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia de Oratoria estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicacións PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final do desenvolvemento de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados